

Plataforma de
Emprendedores
Culturales

6 DE NOVIEMBRE DE 2012
ÁGORA, A Coruña

10x10
PÚBLICA



FUNDACIÓN CONTEMPORÁNEA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Bases da convocatoria

O **Centro Ágora** e a **Fundación Contemporánea** abren un novo espazo de apoio aos emprendedores culturais no que difundir novas ideas creativas e proxectos innovadores: 10x10 PÚBLICA, un programa no que os participantes seleccionados poderán compartir as súas novas propostas, iniciativas e proxectos culturais cun grupo de especialistas que os asesorarán de maneira personalizada; e a continuación, poderán presentalos en relatorios moi breves, en clima distendido, ante un público de profesionais do sector ou vinculados dalgún xeito coa cultura co que contrastar as súas ideas e explorar oportunidades de colaboración.

Así mesmo, entre todos os proxectos presentados, asignaranse unhas axudas económicas ás iniciativas máis innovadoras e viables como apoio á súa posta en marcha.

Formato

1. Asesoramento:

Visionado de proxectos co Comité de Expertos
Os participantes terán a oportunidade de presentar os seus proxectos en privado aos profesionais expertos que forman o Comité. O obxectivo é facilitar o intercambio de puntos de vista entre os profesionais con experiencia no sector e os novos emprendedores co fin de aumentar a viabilidade do proxecto.

2. Presentación pública.

Asistencia libre
Os proxectos seleccionados expoñeránselles a todos os asistentes. Cada presentación terá unha duración total de 10 minutos: 5 minutos para a presentación e 5 minutos de diálogo co público.

3. Apoio económico

O Comité de Expertos distribuirá un máximo de **3 axudas de 2.000 €** como apoio aos proxectos máis destacados valorando a calidade dos contidos, a innovación e o seu nivel de viabilidade.

Selección de propostas

Os interesados enviarán previamente unha proposta coas ideas básicas do proxecto. A organización seleccionará entre as solicitudes recibidas as que considere máis innovadoras e de maior interese, contactando para iso cos solicitantes. A coordinadora da actividade poñeráse en contacto telefónico cos interesados que envíen unha proposta co fin de aclarar posibles dúbidas e axudarlles de maneira personalizada a optimizar a presentación do proxecto no caso de que sexa seleccionado.

Presentación de solicitudes

Deberán remitirse por correo electrónico a 10x10coruna@fundacioncontemporanea.com incluíndo:

- Nome, mail e teléfono de contacto da persoa que presenta a proposta.
- Resumo da iniciativa que se vai presentar (máximo un DIN A4)
- Breve CV da persoa ou organización responsable da iniciativa (máximo un DIN A4)

Opcionalmente, pódense adiantar as imaxes que se proxectarían, así como outras imaxes ou links que poidan servir de apoio na fase de avaliación da proposta. Non poderá exceder de 10MB.

Prazo de presentación dos proxectos

As propostas para participar en 10x10 PÚBLICA pódense enviar ata o día **11 de outubro, xoves**.

Resolución de solicitudes

A organización comunicaralles aos solicitantes se foron ou non seleccionados antes do día **26 de outubro, venres**. Os seleccionados deberán remitirle á organización a súa presentación, incluíndo as imaxes de apoio, antes do **30 de outubro, martes**, para evitar fallos e asegurar a axilidade das proxeccións.

Lugar de celebración

Centro Ágora
Rúa Ágora s/n
A Coruña

Horario de celebración:

Mañá: 11.00-14.00h (Asesoramento)

Tarde: 17:00-20.00h (Presentación pública)

Más información:

10x10coruna@fundacioncontemporanea.com

www.centroagora.es

www.fundacioncontemporanea.com